



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA EMIGRACIÓN GALEGA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Secretaría Xeral de Emigración o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 26 de maio ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Constitúe o obxecto deste acordo o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Consello da Cultura Galega para a realización de actividades relacionadas coa promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural da emigración galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013 do 13 de xuño, da galegitude, relacións coas comunidades galegas no exterior e política de retorno en Galicia. A Secretaría Xeral da Emigración ten interese na promoción, conservación e recuperación de patrimonio cultural galego da nosa emigración.

Que o Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Que o Consello da Cultura Galega a través do Arquivo da Emigración Galega realiza diferentes actividades para a conservación, investigación e divulgación da memoria da emigración.

Por estes motivos acordan colaborar mutuamente na realización das seguintes actividades:

Difusión das exposicións promovidas polo Consello da Cultura Galega: **«Os adeuses»**, **«Luces de Alén Mar»** e **«Galicia imaxinada. A imaxe de Galicia nas revistas da emigración»**.

Desenvolvemento do proxecto de investigación **«Memoria da Emigración»**, consistente na gravación de historias de vida de emigrantes galegos. Por medio deste proxecto as entidades asinantes dotaranse dunha base documental quen de facilitar no futuro novas investigacións sobre a emigración galega.

Posta en marcha da colección editorial **«Clásicos da emigración galega»**. Nesta colección de libros preténdese rescatar as principais obras literarias publicadas na emigración antes de 1960.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 26 de maio de 2017